

Borrador Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais xxxx polo que se establecen os criterios xerais que reixerán as convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

VERSIÓN 17102022

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Públicas españolas, actuando a reforma en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

Para iso, e entre outras medidas, prevé que teña lugar un proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, mediante a convocatoria en determinados sectores de actividade, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposición.

Ese proceso de estabilización estrutúrase en dúas canles principais:

1. Por unha banda, autorízase un terceiro proceso de estabilización de emprego público, adicional aos que regularon os artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e



19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos, estean recollidas nas distintas administracións públicas e, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Sen prexuízo do que establece a disposición transitoria primeira, as prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que estivesen incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e, chegada a data de entrada en vigor desta lei, non fosen convocadas ou, sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir. Non obstante, engadiranse as prazas que con posterioridade á entrada en vigor da Lei 20/2021 queden desertas pola non superación do proceso selectivo convocado.

2. Por outra banda, con carácter único e excepcional, de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, establécese a convocatoria, polo sistema de concurso, daquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Con este contexto, as partes conscentes da necesidade de fixar uns criterios xerais as convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, adoptan o seguinte acordo

I. ASPECTOS XERAIS APLICABLES A TODOS OS PROCESOS SELECTIVOS

Artigo 1. Ámbito de aplicación e vixencia

O presente acordo será de aplicación ás convocatorias que se desenvolvan ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e surtirá efectos ata que se convoquen todos os procesos selectivos que, con carácter excepcional e por unha soa vez, se realicen.

Artigo 2. Data da valoración dos méritos

A data de valoración dos méritos **será a data da publicación da correspondente convocatoria do proceso selectivo no Diario Oficial de Galicia.**

Artigo 3. Órgano convocante

1. Os méritos irán refiridos ao órgano convocante, a Dirección Xeral da Función Pública convocará os procesos selectivos incluídos no 45.a da Lofaxga, cando se trate de prazas de persoal funcionario ou de persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, polo tanto inclúe:

- Administración Xeral
- Academia Galega de Seguridade

- Augas de Galicia
- ~~- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)~~
- Axencia Galega de Emerxencias
- Axencia Galega da Industria Forestal
- Axencia de Turismo de Galicia
- Axencia Galega de Innovación
- Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)
- Axencia Galega de Servizos Sociais
- Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
- Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU)
- Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
- Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)
- Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar)
- Instituto Galego do Consumo e da Competencia
- Instituto Galego de Estatística (IGE)
- Instituto Galego da Vivenda e Solo
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)
- Xurado de Expropiación de Galicia

2. Non se convocarán pola Dirección Xeral da Función Pública por non cumprir o disposto no apartado anterior:

- Axencia Galega de Innovación.
- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)
- Axencia de Turismo de Galicia.
- Axencia para a Calidade do Sist. Universitario de Galicia
- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

- Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)
- Centro de extensión e divulgación ambiental de Galicia
- Consello Económico e Social de Galicia
- CRTVG
- Galaria
- Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
- Fundación CETMAR
- Fundación CESGA
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- Fundación Pública Galega de Medicina xenómica
- Fundación Galicia Europa
- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
- Fundación Instituto Feiral da Coruña
- Fundación Feiras e Congresos da Estrada
- Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA)
- Galicia Calidade, S.A.
- Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)
- Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar)
- Portos de Galicia
- Retegal, S.A.
- SEAGA
- Sogama, S.A.
- Xenética Fontao, S.A.
- Xestur, S.A.

Neste segundo apartado, incluíranse prazas de persoal laboral de antes que non se atopan dentro do ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de

Galicia, realizándose neste caso convocatoria separada e, ademais, as prazas do persoal laboral dalgún ente que, atopándose dentro do v convenio, parte do seu persoal non se atopa no seu ámbito de aplicación.

Artigo 4. Lingua galega

1. Nos procesos selectivos que se realicen mediante o sistema de concurso - oposición, aquelas persoas aspirantes que non acrediten a posesión da titulación acreditativa do coñecemento da lingua galega acorde ao nivel esixido para o acceso á escala ou categoría profesional á que optan, deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test antes do inicio da fase de oposición, que será cualificado como apto ou non apto.

2. Nos procesos selectivos que se realicen mediante o sistema de concurso, aquelas persoas aspirantes que non acrediten a posesión da titulación acreditativa do coñecemento da lingua galega acorde ao nivel esixido para o acceso á escala ou categoría profesional á que optan, deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test, que será cualificada como apto ou non apto. A dita proba será previa ao inicio da baremación dos méritos.

3. Para as equivalencias dos Cursos de idioma galego puntuables en ambos procesos selectivos, estarase a previsto na Orde do 13 de xuño do 2011 (DOG núm. 121) e na Orde do 10 de febrero de 2014 por la que se modifica la Orden de 16 de julio de 2007, por la que se regulan los certificados oficiales acreditativos de los niveles de conocimiento de la lengua gallega (Celga).

Artigo 5. Probas específicas

As convocatorias dos procesos selectivos derivados da Lei 20/2021,

do 28 de decembro, poderán exixir o cumprimento doutros requisitos específicos, como requisitos de carácter psicotécnico e físico que garden relación directa e obxectiva coas funcións e tarefas que se van desempeñar. Aos efectos de posibilitar ou facilitar a acreditación destes requisitos as convocatorias preverán a realización das correspondentes probas psicotécnicas ou físicas.

Artigo 6. Escalas ou categorías equivalentes

As convocatorias establecerán as escalas ou categorías profesionais equivalentes ás convocadas. Os servizos prestados en escala ou categoría extinguida consideraranse prestados na escala ou categoría na que aquela se integrou ou en aquela que se atope en proceso de integración.

Artigo 7. Criterios de desempate

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis persoas aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente, escala, especialidade ou categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior antigüidade na escala, especialidade ou categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración convocante.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados noutras escalas, especialidades ou categorías profesionais na Administración convocante.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior experiencia profesional no ámbito da Administración ou entidade convocante.

En quinto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

II. ASPECTOS APLICABLES AOS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE REALICEN MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN

Artigo 8. Especificidades do concurso - oposición

A fase de oposición será o 60% da puntuación total.

Constará de exercicios preferentemente tipo test, a súa puntuación máxima será de 60 puntos. Nas bases das convocatorias establecerase unha nota de corte predeterminada.

A fase de concurso será o 40% da puntuación total.

Artigo 9. Méritos a valorar na fase de concurso

Os méritos se cualificarán de acordo co seguinte baremo:

1. Méritos profesionais: Ata un máximo de 30 puntos

a) Experiencia profesional acreditada na Administración ou entidade convocante, na propia escala ou categoría profesional da convocatoria ou en escala ou categoría profesional equivalente nos termos establecidos na

convocatoria, 0,25 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

b) Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da convocante na propia escala ou categoría profesional ou en escala ou categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

2. Outros méritos: ata un máximo de 10 puntos a obter entre os seguintes:

a) Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap), cursos impartidos por unha Consellería da Xunta de Galicia, cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou outros entes instrumentais convocantes do proceso selectivo, e cursos impartidos por Universidades. Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,025 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 2,5 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 7,5 puntos. (300 horas de formación)

b) Galego: coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de 2,5

puntos.

Celga 3 ou equivalente: 1 punto.

Celga 4 ou equivalente: 1,5 puntos.

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 2 puntos.

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2,5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

III. ASPECTOS APLICABLES AOS PROCESOS SELECTIVOS QUE SE REALICEN MEDIANTE CONCURSO

Artigo 10. Autoavaliación

Aquelas persoas aspirantes na súa solicitude cumprimentaran un impreso de autoavaliación, indicando os méritos que consideren avaliábeis, de modo que o sistema de inscrición no proceso outorgará automaticamente unha puntuación inicial resultante do cómputo dos referidos méritos.

En función do número de prazas convocadas e as puntuacións obtidas na avaliación inicial, avaliaranse nun primeiro momento unicamente aquelas solicitudes que dada a súa puntuación sexan susceptibles de obter unha das prazas en aras de axilizar o proceso.

A estes efectos considerase que o número mínimo de solicitudes a avaliar será do dobre das prazas convocadas.

Artigo 11. Especificidades do concurso

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 100 puntos.

Os méritos irán refiridos ao órgano convocante. Sinalar que naqueles entes instrumentais onde non se poda valorar o méritos da letra c) por non ter realizado procesos selectivos a puntuación asignarase ao apartado de formación, podendo establecerse un apartado de formación específica, donde se valorará formación específica das tarefas dos postos convocados.

Artigo 12. Méritos a valorar

Os méritos cualificaranse do seguinte xeito:

1. Méritos profesionais: Ata un máximo de **70 puntos**.

a) **Experiencia profesional acreditada na Administración ou entidade convocante**, na propia escala ou categoría profesional da convocatoria ou en escala ou categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, **0,30 puntos** por mes **traballado con vinculación temporal** ata un máximo de 70 puntos.

b) **Experiencia profesional acreditada en calquera outra administración pública diferente da convocante** na propia escala ou categoría profesional ou en escala ou categoría profesional equivalente nos termos establecidos na convocatoria, **0,15 puntos** por mes **traballado con vinculación temporal** ata un máximo de 70 puntos.

2. Outros méritos: Ata un máximo de **30 puntos**

a) **Cursos de formación**: Valoraranse os cursos de formación

organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos por unha Consellería da Xunta de Galicia; cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou outros entes instrumentais convocantes do proceso selectivo, e cursos impartidos por Universidades. Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,040 puntos cada hora de formación, ata un máximo de **4 puntos** por curso. A puntuación máxima deste apartado será **15 puntos**. (375 horas de formación)

b) Galego: coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de **5 puntos**.

Celga 3 ou equivalente: 2 puntos

Celga 4 ou equivalente: 3 puntos

Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou

Celga 5: 4 puntos

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 5 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

c) Pola superación de exercicios ou probas de procesos selectivos

para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo finalizados ou coa fase de oposición finalizada nesta Administración en convocatorias para o acceso á mesma escala ou categoría profesional ata un **máximo de 10 puntos, 5 puntos** por exercicio ou proba superada. Non se terán en conta a estes efectos as probas superadas para acreditar o coñecemento do idioma galego.

IV. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Adoptaranse as medidas necesarias para acadar a maior axilidade e simplificación das probas da fase de oposición e a articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.